

GUÍA DE LECTURA REO

ANTES DA LECTURA.

Crede un debate arredor do graffiti para que o alumnado exprese a súa opinión con respecto a esta práctica artística. Así, poderás comprobar que visión teñen dela.

Posteriormente, cómpre que o alumnado coñeza as diferentes formas que existen no mundo do graffiti. Para iso, podedes visitar a web <https://pontevedragraffiti.wixsite.com/graffitienpontevedra> e nela atoparedes toda a información relacionada con elas.

Reo está traducida ao castelán. Comparade as portadas de ambas as versións. Transmiten a mesma impresión?



Portada da versión en galego.



Portada da versión en castelán.

DURANTE A LECTURA.

Adica unha sesión lectiva ao mes ou cada quince días para que o alumnado poida preguntar todas as dúbidas que vaian xurdindo e facer unha posta en común.

DESPOIS DA LECTURA.

Redacta un resumo de entre 3 e 5 liñas sobre o argumento da novela. Que mensaxe se quere transmitir?

A cuestión de identidade no graffiti. O estilo.

Reo é tag que usa o protagonista para firmar. Busca no dicionario o significado desta palabra. Cres que é casual?

Imaxina que es grafitreiro ou grafitreira. Cal sería o teu tag? E como sería?

Ao longo da novela non queda claro quen é ONI. Debatide sobre este personaxe tan característico.

Como sabes, o *tag* que usan os grafiteros e as grafiteras é un elemento fundamental. Repara neles: REO, VIRUS, COMA, CHAGUI, ONI, SEN, RAI... Que teñen en común? Hai algunha simboloxía agochada neles?

Dentro do graffiti, o *estilo* é un elemento fundamental xa que cada grafitero ou grafitera debe lograr un sinal de identidade inconfundible con respecto a outras persoas. Como se reflicte este elemento na novela?

O carácter efémero do graffiti. As CREW.

Como sabes, cara o final do novela desaparecen algúns graffiti... Este feito é moi habitual xa que as pezas poden eliminarse da escena da cidade por diferentes motivos. Un deles é a loita entre crews (bandas) ou entre grafiteros por gañar prestixio e consideración.

Con todo, noutras ocasións prodúcense certas agresións que non teñen xustificación dentro dos códigos do graffiti.

Debatide sobre este feito e achegade os motivos que poden estar detrás destas agresións.

Na páxina 16 do libro (versión galega) nállase como Virus comeza a escribir en sitios cada vez máis altos e perigosos... Esta práctica lévanos ao Brasil e ao que se denomina *pixação*.. Investigade sobre ela e achegade mostras gráficas que podedes atopar na rede. (recorda citar a fonte de onde sacaches as imaxes.)

Agora...cres que a nacionalidade de Cora é casual?

Cal é o significado de *Old School* na novela? A que se refire exactamente? Indaga na Vella Escola e sitúate en Santiago de Compostela.

O graffiti... arte ou vandalismo? Legal ou ilegal?

Ao longo da novela, a presenza da policía é unha constante. Como xustificas esta relación entre o graffiti e os corpos de seguridade? Como foi o interrogatorio?

Por outra parte, e en relación coa consideración de “arte” do graffiti, na páxina 36 vemos ás claras as tensións coa “arte oficial”. Este punto abre un novo debate que podedes levar a cabo co voso alumnado.

As intervencións artísticas que levan a cabo os personaxes son comparables con outras iniciativas como a do concello de Carballo *Derrubando muros con pintura*? Que diferenzas cres que existen entre ambas?

As relacións persoais.

Como sabes, o avó e o pai de Reo pintan... Pero a súa pintura é ben diferente á do protagonista da novela.

Como describirías a relación entre Reo e o seu avó? Que consello lle dá a Reo en relación con Cora? É a mesma que mantén co pai? Xustifica a túa resposta.

Así mesmo, que che parece a decisión do profesor de Reo? Como reacciona este último?

Fóra dos vínculos familiares, na novela podemos observar as relacións que manteñen entre si os personaxes mais o certo é que Reo e Cora teñen unha unión especial...

Como definirías a personalidade de Cora? De que maneira a axuda Reo? Por qué o fai?

Que relación cres que existe entre Virus e Reo?

Por último, un dos personaxes que máis curiosidade esperta é o de Chagui, especialmente a súa morte tras a festa ilegal e o consumo de drogas e alcol. Eis un novo debate ou unha reflexión sobre este feito: consumo temperán, efectos secundarios, falta de información, etc..

As relacións interartísticas. Unha perspectiva comparada.

Como sabes, ao longo da novela menciónanse diferentes manifestacións artísticas, e todas elas gardan unha relación moi estreita co graffiti.

En primeiro lugar, a música: o hip-hop, o rap... Todas elas manteñen un nexo común relacionado co carácter urbano e co *underground*, dado que o seu desenvolvemento é parello en todas elas.

Nas páxinas 59-60; 88 e 130-131 podemos ler fragmentos de rap e asistir a diferentes momentos en que se rapea. Animádevos a crear o voso rap en galego e que sexa a banda sonora do grupo de referencia.

Finalmente, e en relación coa música, que che parece o nome do grupo musical? Que sucede tras a morte de Chagui?

En segundo lugar, a pintura é outra das manifestacións artísticas que aparecen na novela. Entre ela e o graffiti establécense unha serie de vínculos que veñen dados pola propia natureza de ambas as prácticas.

Con todo, e como se dixo anteriormente, ponse de manifesto que a pintura e o graffiti non gozan da mesma consideración social.. E aquí entramos na cuestión da recepción, polo que sería moi interesante crear un grupo de debate con dous bandos diferenciados: un, que apoie a consideración artística do graffiti, e outro, que apoie a arte institucional.

En terceiro lugar, o cine. Recordas cal era a profesión do avó de Reo? A partir de aí, establécese un punto de partida que nos permite achegarnos á produción filmica que teña como tema principal o graffiti.

Buscade na rede películas, documentais, curtamentaxes, etc.. e mirádeas na aula ou na casa e comentade aquelas escenas ou secuencias que vos resultaron máis reveladoras. Posteriormente, podedes elaborar as fichas técnicas destas producións seguindo o modelo que vos facilite o docente.

Así mesmo, e en relación coa profesión do avó de Reo, a publicidade e a cartelería son dúas prácticas que gardan unha relación moi estreita co graffiti. Que teñen en común o graffiti e a publicidade? Fíxate na primeira páxina da novela (p. 13)

Buscade anuncios publicitarios –en calquera soporte– que teñan unha estética similar á do graffiti.

Falabamos antes da recepción e da consideración social do graffiti... Que papel cres que xogan os medios de comunicación neste feito? Repara na páxina 60.

E por último, non podemos esquecer a manifestación que nos une: a literatura. Neste sentido, un dos elementos máis inspiradores é o final da novela... Esperabas este final? De non ser así, cal proporías? Consideras que a obra merece unha segunda parte? Podes poñerte en contacto co autor e propoñerllo...

Outros dos elementos fundamentais da novela son os espazos xa que gardan unha relación moi estreita co graffiti. Facede unha análise daqueles máis representativos. Cres que a escolla destes espazos é casual? Que función teñen?

Por qué cres que moitas persoas denominan os grafiteiros e as grafiteiras *escritores*?

Finalmente, na novela podemos observar como se revelan as diferentes variedades da lingua, especialmente a variedade diastrática. Analizade este elemento baseándovos na linguaxe que empregan os personaxes.

Así mesmo, a presenza de estranxeirismos é unha constante ao longo da narración. Buscádeos e propoñede algunha adaptación para o galego.

O graffiti como medio de vida.

Unha das cuestións que xorden da lectura da novela é onde mercan os grafiteiros e as grafiteiras os aerosoles que empregan para pintar.

Coñeces algunha tenda especializada que venda estes produtos? De non ser así, buscade a información na rede.

ACTIVIDADES PROPOSTAS POLO ALUMNADO:

- Realizar un traballo de campo na cidade onde estea situado o centro baseándonos nas diferentes formas do graffiti. Podedes facelo por xeolocalización indicando o tipo de forma, a situación exacta (rúa) e nome do grafiteiro ou grafiteira. Ou, a través do rexistro fotográfico *in situ*.
- Invitar a un grafiteiro ou a unha grafiteira para que pinte un mural no centro e levar a cabo un pequeno obradoiro.
- Invitar ao autor ao centro.
- Gravar unha curtametraxe (aberta a diferentes suxestións e intereses do alumnado.)

**ESTA GUÍA DE LECTURA FOI REALIZADA POLO ALUMNADO DE 3º ESO DO
CPI COVA TERREÑA DURANTE O MES DE DECEMBRO DE 2020**